


EXERCICIOS DO TEMA 9



1. Define Poboación (páxina 232).
É o conxunto de habitantes dun territorio.
2. Define Xeografía.
É a ciencia que estuda a poboación no espazo que habita.
3. Define Densidade de Poboación.
É a relación entre os habitantes que viven nun lugar e a superficie que ten ese lugar. Exprésase en hab/Km².
4. Poderías indicar os lugares onde se concentra maior poboación no mundo?
As maiores concentracións da poboación mundial danse no leste e sueste de Asia, na península do Indostán (India e Pakistán), Europa central e occidental, costa leste de EE.UU. e nos vales dalgúns ríos (Nilo), costa de Brasil, México, Magreb.
5. Cales son os factores de distribución da poboación que favorecen esa concentración da poboación mundial?
Os factores que favorecen pódense clasificar en factores físicos e humanos. Entre os físicos se atopan os climas (zonas temperadas), relevo (chairas), auga doce (ríos) e solos fértiles ou con recursos minerais ou enerxéticos. Entre os factores humanos están os factores históricos (antigüidade da poboación), as decisións políticas (guerras, cambios de fronteiras) e a economía (agricultura, industrias, infraestruturas, etc.).
6. A que nos referimos cos movementos ou dinamismo da poboación? Cales poden ser as súas causas. (páxina 236)
Son as variacións do número de efectivos que sofre unha poboación. Estes poden ser por causas naturais ou ben por migracións.
7. Que son os movementos naturais da poboación? Que comprenden? Como se chama a diferenza entre ambas?
Son as variacións que sofre unha poboación por causas naturais. Comprende a natalidade e a mortalidade. A diferenza entre ámbalas dúas chámase **crecemento natural ou vexetativo**.
8. Que é a natalidade? Que taxa se emprega?
É o número de nacementos que se produciron nunha poboación nun ano.
$$\frac{\text{n}^\circ \text{ de nacementos}}{\text{Poboación total}} \times 1000 = \text{‰}$$
9. Que entendemos por mortalidade? Que taxa emprega? (páxina 237)
É o número de falecementos que se produciron nunha poboación nun ano.
$$\frac{\text{n}^\circ \text{ de falecementos}}{\text{Poboación total}} \times 1000 = \text{‰}$$

10. Que é o crecemento natural ou vexetativo? Como se calcula? (páxina 238)

É a diferenza entre os nacementos e os falecementos que se produciron nunha poboación nun determinado ano (natalidade-mortalidade). Calcúlase restando á natalidade a mortalidade.

11. Que outros indicadores coñeces?

Hai outros indicadores demográficos como a *Esperanza de vida* e o *índice de fecundidade*.

12. Fai as **operacións!!!**

<p>Cos seguintes datos dunha poboación nun ano:</p> <ul style="list-style-type: none">• Poboación total: 2300• Natalidade: 16• Mortalidade: 17• Mortalidade ≤1 ano: 3	<p>Calcule:</p> <ul style="list-style-type: none">• Taxa de natalidade. $16/2300 \times 1000 = 6.95\%$• Taxa de mortalidade. $17/2300 \times 1000 = 7.39\%$• Taxa de mortalidade infantil. $3/16 \times 1000 = 187.5\%$• Taxa de crecemento natural. $16 - 17 / 2300 \times 1000 = -0.43\%$ ou $6.95\% - 7.39\% = -0.43\%$
--	--